

O arco da vella

Revista escolar

Maio 2 009

Nº 41



R
a
m
ó
n
P
e
i
t
i
e
i
r
o

letras galegas 2009



CEP "Xosé Neira Vilas"
PEITIEIROS - GONDOMAR

<http://centros.edu.xunta.es/cepneiravilas/>
cep.neira.vilas@edu.xunta.es



ÍNDICE

Nenos e nenas no viveiro4
letras Galegas “Ramón Piñeiro” 5
Plantación árbores autóctonas6-7
Un proxecto interesante8-9
Ratos e Dragóns 10
Seres humanos auténticos 11
O Grilo común 12
Cómic, visita a Telepizza 13
A prensa chega ao colexio 14-15
Decálogo dos Piratas 16
Un tesouro é... 17
Visita a Telepizza 18-19
Actividades dos de 1º20-21
Aventuras na Biblioteca22-23
Cartel “Zarapuchiña vermella” 24
Entroido 25
Perdehoriñas 26



Arco da Vella


NENAS E NENOS COLABORAN CO VIVEIRO DE ÁRBORES DE PEITIEIROS

As nenas e os nenos de 2º curso foron ao viveiro de árbores de Peitieiros.

Cando chegaron coñeceron a Luz e Alfredo que son responsables do viveiro. Alfredo díxolles que as árbores que alí se plantaban eran para transplantar e levar ao monte de

Matalagartos

Díxolles que pousaran as árbores que levaban en briks de leite sementadas o ano anterior no colexio



Mandoulles facer dous grupos.


Puxeron as luvas. O grupo que foi con Alfredo traballaron por parellas: botaron terra en briks e plantaron árbores bebés, acivros e freixos.

O grupo que foi con Luz estiveron arrincando as herbas malas que había arredor dunhas árbores un pouco máis grandes.

Despois os grupos intercambiáronse para facer tódalas actividades.

Por último quedaba regar que o farían os de 1º.

TODOS e TODAS recibirán un diploma de COLABORADORES.





Arco da vella

Día das Letras Galegas

17 de maio

Ramón Piñeiro

O vindeiro **17 de maio Ramón Piñeiro** protagonizará o **Día das Letras Galegas**, o que nos brindará unha ocasión para coñecer a unha das figuras centrais da política galega contemporánea. Porque Piñeiro foi, ante todo, un activista político, sen apenas obra publicada, que nos deixou importantes cartas e ensaios breves sobre o papel da lingua na sociedade e sobre a función da literatura na expresión da cultura dun pobo.

Piñeiro naceu en **Láncara (Lugo)** en **1915** e morreu en **Santiago de Compostela** en **1990**. Foi un membro destacado do **Partido Galeguista** e creador -xunto con outros galeguistas históricos como Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo ou Xaime Illa Couto- da **Editorial Galaxia**, en **1950**. A súa influencia dentro da política que se fixo en Galicia antes da democracia foi grande e controvertida, sendo o máis destacado **defensor do galeguismo cultural** oposto a outros tipos de activismo político.

En **1967** ingresou na **Real Academia Galega** e coa chegada da democracia participou no **primeiro Parlamento galego** como independente. En **1983** foi elixido **primeiro presidente do Consello da Cultura Galega**, cargo que ocuparía até a súa morte en **1990**.


A súa obra filosófica está recollida en **Filosofía da Saudade**, aínda que -co gallo do homenaxe do Día das Letras Galegas- varias editoriais están a publicar distintos libros que recollen o seu pensamento.





Plantación de árbores Autóctonas

O día 27 de febreiro fomos 3º, 4º, 5º e 6º de excursión ao Curro Vello de Peitieiros, para facer unha plantación de árbores autóctonas: carballos, sobreiras, nogueiras e castiñeiros.




Para alí fomos a pé, e a Policía Local paraba o tráfico. Cando chegamos os responsables da plantación presentáronse e dixéronnos que fixesemos 3 grupos. O primeiro grupo encargábase de meter as árbores nos buratos e,



Arco da vella

de tirarlles terra ás árbores. O segundo grupo encargábase de tirarlles o abono ás árbores, abono vexetal, esterco e algas, e o terceiro grupo encargábase de arrincar acacias que é un tipo de árbore invasora. Despois Alfredo ensinounos saramagantas, tritóns e ras que atopou na charca do Curro Vello.



Cando rematamos merendamos e fomos cara ao cole. Cando baixamos a Policía Local non estaba e tivemos que baixar sen eles. Ao chegar xogamos un pouco fóra e logo subimos ás clases.

Xoel Moreira Carracedo 4º B



Un proxecto interesante!!

Os animais

- 1) Eliximos o tema dos animais porque nos gustan. Xa sabiamos algunhas cousas deles pero queriamos saber máis. Tamén podiamos aproveitar para explicarllelo aos nenos e nenas do primeiro ciclo que ían traballar sobre eles.
- 2) Eliximos o noso animal preferido sobre o que queriamos pescudar algunha cousa, e ocorréusenos que podiamos facer a maqueta dun zoolóxico.
- 3) Fixemos un plano individual de como nos gustaría que fose o noso zoo.
- 4) Puxemos en común as nosas ideas e realizamos o plano real nunha táboa con xiz, na que facer realidade o noso particular zoo que máis adiante poderedes ver.
- 5) Elaboramos un guión coas preguntas que máis nos interesaban para pescudar sobre a vida dos animais (onde viven, que comen, como se reproducen, como respiran, se están en perigo de extinción...)
- 6) Buscamos información para contestar as preguntas.
- 7) As nosas fontes de busca foron:
 - Internet.
 - Libros.
 - Enciclopedias.
 - Revistas.
 - Vídeos.
 - Fotos .
 - Xornais.
 - Carteis ou láminas .
 - Preguntando a algunhas persoas.
- 8) Contestamos as preguntas, resumimos a información que consideramos máis importante e redactámola no noso proxecto.
- 9) Buscamos fotos e fixemos debuxos do noso animal para decorar o proxecto.
- 10) Inventamos e escribimos un conto no que o noso animal fose o protagonista.





Arco da vella

11) Pedímoslles aos compañeiros do Primeiro Ciclo que nos fixesen animais de plastilina para mercárllelos. Ideamos en grupo un problema matemático co fin de saber canto nos ían custar e canto nos tiñan que devolver cando llelos fosemos mercar. Como traballaron e que ben o fixeron!



12) Pegamos na portada a foto e o nome do noso animal.


13) Finalmente repasamos en común todas as pescudas que fixeramos dos diferentes animais elixidos e redactamos xuntos a modo de resumo a información atopada. Puxemos títulos a cada un dos distintos apartados e subliñamos as palabras que consideramos fundamentais de xeito que nos resultase máis doado e claro de explicarlles aos máis pequenos e pequenas.

14) Enumeramos as follas do traballo.

15) Encadernamos os nosos proxectos. Eh... aquí os tedes



AH! E ata fixemos unha entrada para poder visitalo. Non esquezades vir vós tamén! Vos agardamos!





Arco da vella

R

Ola rapaces e rapazas!, estamos aquí de novo con vós tal e como quedamos na edición anterior. Lembrades que daquela describimos aos ratos e aos dragóns?.

a

Imos facer entre todos e todas algo de memoria:



t

Os ratos son delicados, suaves, xoguetóns, tímidos, débiles, medosos, rápidos, pelexóns...

o

Os dragóns son abusóns, chuliños, torpes, malos, agresivos, pegóns, acusicas, matóns, gritóns...

s

NÓS, como xa vos explicamos, non queremos pertencer a ningún dos dous grupos, senón que o que desexamos é converternos en **SERES HUMANOS AUTÉNTICOS**, porque ten moitas máis vantaxes. Que..., que credes que non???, pois seguíde lendo.

e

Os seres humanos teñen máis dereitos, nós descubrímolos xuntos, e démonos conta de que poden:

D

✗ Actuar de forma distinta a como os demais agardan que actúen.

r

✗ Facer as cousas de maneira imperfecta.

a

✗ Equivocarse algunha vez.

g

✗ Pensar de xeito propio e diferente.

ó

✗ Cambiar as súas opinións.

n

✗ Aceptar e rexeitar queixas e críticas.

s

✗ Non saber algo.

✗ Non entender algo.

✗ Facer peticións, aceptalas ou rexeitalas.

✗ Decidir a importancia que teñen as cousas.

✗ Expressar os seus sentimentos (ledicia, tristura, carraxe, emoción...)

✗ Eloxiar e recibir eloxios.





Arco da vella

E todas estas cousas e aínda máis, podémolas facer os **seres humanos auténticos** porque ante todo somos:

- Reflexivos.
- Amables.
- Cariñosos.
- Bondadosos.
- Comprensivos.
- Respectuosos.
- Sinceros.
- Humildes.
- Libres para actuar

E nós tan só temos unha única **obriga**. Que... cal é?

¡Responsabilizarnos das nosas decisións!

Se queredes saber a verdade, non é tan doado chegar a ser seres humanos auténticos, e aínda temos que seguir traballando para conseguilo, pero o certo é que agora sentímonos moito mellor porque...

- Non estamos castigados/as tantas veces.
- escoitamos aos demais e nos escoitan e así aprendemos máis.
- Traballamos en equipo.
- Apoiámonos uns e unhas aos outros e outras.
- Non nos burlamos de ninguén e ninguén se burla de nós.
- Non nos anoxamos tanto, somos máis comprensivos e amables coas persoas.

Non credes que realmente temos vantaxes...?

Agora somos máis libres para decidir!!!

**S
E
R
E
S

H
U
M
A
N
O
S

A
U
T
É
N
T
I
C
O
S**



O GRILO COMÚN

Nós, os alumnos/as de 3ºB decidimos facer un traballo de investigación sobre os grilos porque un día cazamos grilos no patio e nos gustaron. O grilo é de alimentación omnívora (plantas e insectos).

Para reproducirse pode poñer ata 150 óvos.

É un insecto de cor marrón escuro a negro, con costumes nocturnos. Algunhas especies atópanse nas casas, os grilos domésticos.

Os grilos son venenosos pero non inxectan o veneno.

Os machos emiten o seu famoso canto frotando as súas ás. As femias non cantan.

Os grilos miden entre 2 e 2,5 cm.

Os grilos están emparentados coas langostas (saltóns).



Luga









ALBERTO

ESJA
Santibac
Adrian
Jorge



Arco da vella

visita a telepizza

EXCURSIÓN A TELEPIZZA		26-03-09	Isel Alonso Martínez
<p>Primeira amárase a masa en forma de pizza e fanse os border.</p> 	<p>Cando teñas a masa e os border rotar no medio da pizza medio caso de tempo e estíbelo coa parte de abaixo do case.</p> 		
<p>Máis tarde rotalle queixo ata cubrir toda a base.</p> 	<p>Cando está toda a base cuberta de queixo, rotádeselle os ingredientes que queirades e rotádeselle outra capa de queixo.</p> 		
<p>Cando teñas toda a pizza ko a todo meter no forno.</p> 	<p>Cando saia a pizza do forno a meter na caixa e despois na bolsa térmica e a levar ao destino.</p> 		




Arco da vella

A prensa chega ao colexio de Peitieiros.

	La Voz de Galicia	Xornal	Faro de Vigo	De luns a venres
Xornal	Semana da prensa			
País	do 9-14 marzo			
El	La Voz de Galicia	Faro de Vigo	De luns a venres	Xornal

Este ano, na **Semana da prensa**, dende o 9 ata o 14 de marzo no colexio CEP "Xosé Neira Vilas", os alumnos e alumnas fixeron unha exposición de xoias primavera-verán con periódico reciclado. As xoias eran aneis, colgantes, broches, pulseiras e demais cousas que levamos postas cando vimos ao colexio.


Tamén fixeron contos disparatados, unha entrevista a un personaxe que lles gustara, por exemplo: Homer Simpson e algúns famosos futbolistas. Buscaron no ordenador documentación sobre o periódico que tiñan na clase para ver se coincidía, pero só nun caso eran iguais.





Arco da vella

Fixeron carteis para anunciar a exposición de xoias. Tamén murais con papel de diario, a nosa clase fixo un que anunciaba a semana da prensa e todo arredor puxémoslle as cabeceiras dos periódicos que tiñamos para traballar e as letras recortadas e pintadas en papel de diario.



Tamén buscaron noticias sobre: "Medio ambiente", deportes que non fosen fútbol, Local-Vigo, Galicia, España e Economía.

Todo iso levou o seu traballo, pero como os de Peitieiros somos uns loitadores, conseguímo-lo.

E así fixemos a "Semana da Prensa". Bicos de xeado e mel a todos.

Nenos e nenas de 4º A.



Arco da Vella

Decálogo dos piratas*

- 1.- Todos os piratas deben ser bos.
- 2.- Ningún pirata pode pelexar con outro.
- 3.- Todos os piratas deben coidar os animais.
- 4.- Todos os piratas emprestarán as súas cousas.
- 5.- Ningún pirata pode berrar dentro do barco*.
- 6.- Os piratas sempre deben levar a espada* ben afiada.
- 7.- Todo pirata debe comer ben.
- 8.- Ningún pirata debe ensuciar o barco*.
- 9.- Todos os piratas axudarán cando haxa necesidade.
- 10.- Os piratas deben durmir como mínimo 11 horas.



3º A

Pirata: Alumnado do CEP "Xosé Neira Vilas" de Peitieiros.
Barco: Colexio
Espada: Lapis



Arco da vella



AXUDAR

A FAMILIA

COMPARTIR

A NATUREZA

MANTER A CALMA

O AMOR

OS AMIGOS

Do colexio a nave coa lectura,
virtuais piratas enmeigados,
lobos de mar, bandeira ao vento,
valentes, do tesouro na procura!

Brúxulas ao sol sempre lendo,
nenas e nenos transformados,
líquida tinta, de ríos devecendo:
ávidas esponxas de aventura!



APRENDER

A VIDA



Arco da vella

visita a telepizza

O pasado mércores 25 de marzo, os nenos e nenas do 2º Ciclo fomos a Telepizza a Vigo.

Antes de ir falamos nas clases para ver qué queríamos aprender:

- Cal é o ingrediente segredo?
- Como se fai pizza?
- Canta fariña levan dúas pizzas?
- Cantos minutos se pon a pizza ao forno?
- Que imos facer coa pizza?
- A que hora abre?





Arco da vella

Despois da visita aprendemos que:

- A pizza inventouna Margarida, a filla dun rei de Italia.
- A pizza vexetal é moi sá.
- En 30 segundos fanse dúas pizzas.
- Onte aprendín que a pizza non se pode tomar todos os días.
- Hai que facer os bordes da pizza para que non saia o tomate.
- Hai que lavar as mans antes de facer unha pizza.
- As pizzas combinan diferentes ingredientes.





Arco da vella

Os de primeiro facemos moitas actividades:

No entroido disfrazámonos de lapis e desfilamos polas rúas de Gondomar.



Colgamos nas árbores do noso colexio as casiñas para os paxaros.





Arco da vella

Estivemos en Vigo visitando un museo e vimos unha exposición de cadros. Despois asistimos a unha obra de teatro, os protagonistas eran os animais dunha granxa na que había un lío moi grande.



Os nenos e nenas de 1º



AVENTURAS NA BIBLIOTECA

Cousas curiosas están a ocorrer na nosa biblioteca "Anisia Miranda". Durante meses foron aparecendo detalles no recuncho de lecturas. Unha paisaxe coas ondas do mar batendo na costa, un mono "pirata" comendo bananas, palmeiras tropicais, árbores de diversa índole,... e un bo día un barco. Pero non un barco calquera, non vaiades a pensar, non, un barco... PIRATA.

Que como o sabemos? Vaiche boa! Pois, pola súa bandeira ondeando no mastro e un loro, ou máis ben unha cacatúa ou tucano, ou ... Un paxaro, iso, cun pano na cabeza e un bonito parche; apareceu pousado na cofa da embarcación.



E pouco a pouco, foron chegando piratas. Un pequerrecho cun pano vermello e con lunares na cabeza, outro cun parche no ollo e un terceiro cun mapa do tesouro. Hai un cuarto pirata "descarado" que non para de moverse dun lado para outro. Tan pronto está a durmir ao carón dunha palmeira, como vixía dentro do barco, non vaia ser que lle rouben algo. Aínda que sen cara non temos moi claro como pode vixiar.





Arco da Vella

En vista de todo este balbordo, decidimos entrar en acción e convocar a todos os nenos e nenas a acudir á biblioteca e enfrontarse a esta tolemia pirata. Elas e eles moi valentes acudiron sen pensalo dúas veces e alí os temos tódolos días, lendo libros, facendo xogos, descifrando enigmas, confeccionando parches e gorros e facéndose fotos co pirata "descarado".



O máis curioso que descubrimos é que os nenos e nenas de Peitieiros **NON TEÑEN MEDO!** Entran na biblioteca, len libros e non lles dá arrepíos o facelo. É máis, estanse a transformar, e cada día parécense máis á tripulación deste barco enigmático que un bo día encallou no noso colexio cargado de libros de aventuras, emocións, tesouros e **PIRATAS AMANTES DA LECTURA.**



Asdo.:

Peiti e máis Eiros
(Os roceiros da
Biblioteca)



Arco da vella


GRANDE XIRA DA COMPAÑIA

ROMPE

ESCENARIOS

ZARAPUCHIÑA

VERMELLA



DATA: SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

HORA: SEM DETERMINAR

NO C.E.P XOSÉ NEIRA VILAS, GONDOMAR

Dirixida por Alecea Trancoso Alonso



Arco da vella

ENTROIDO 2 009

Acusacións

Acúsote Meco Mequeiro
por ser tan trapalleiro.

Acúsote Meco Mecón
por intentar sacarnos os pantalóns.

Acúsote Meco Mequiño
por meterlle á xente tanto mediño.

Acúsote Meco de plastilina
por levar a guerra a Palestina.

Acúsote Meco Mequista
por ser un racista.

Acúsote Meco Mequiño
por sacar do Barça a Ronaldinho.

Testamento

Deixo a miña careta,
para parar a ETA.

Deixo o meu mellor balón
para que xoguedes a mogollón.

Deixo o meu antiface
para os que non teñen disfraz.

Deixo o meu lapis de cor
para aquela xente que so sinte dor.

Deixo os meu zapatos
para que os rillen os ratos.

Deixo a miña botella de fanta
para que pranten unha pranta.

Defensa

Deféndote Meco Mecón
por perder clase a mogollón.

Deféndote Meco Mequiño
por facer os disfraces con tanto cariño.

Deféndote Meco Pendexo
polos seis anos no colexio.

Deféndote Meco Mequiño
por facer de nós uns anxiños.

Deféndote Meco Mecón
por non darlles aos de primeiro co escobón.

Deféndote Meco Mequiño
por ser tan boiño.



Arco da vella

PERDEHORIÑAS

Busca nesta sopa de letras dez palabras relacionadas cos "PIRATAS"

G	A	R	F	O	M	C	O	L	I
D	R	O	N	A	C	D	T	E	X
X	I	L	T	E	R	F	O	C	U
C	E	I	P	E	R	M	C	U	S
O	V	T	E	S	O	U	R	O	D
P	A	L	M	E	I	R	A	S	O
L	C	T	O	L	L	M	B	O	C
D	E	C	A	M	L	I	D	S	T
A	I	T	O	P	A	R	C	H	E
M	C	A	B	O	R	D	A	X	E

Descubre as 7 diferencias entre estes dous debuxos





Arco da vella



**Boca.
Biblioteca
Biblioteca.
Dedos.
Librotecas
Librostocas
Leo...
Son palabras no recreo.**



Gloria Sánchez

